


GUÍA DE ECONOMÍA CIRCULAR NA XESTIÓN

dos Residuos Municipais 

Pequenos xestos, Grandes cambios



ÍNDICE

- › INTRODUCCIÓN páx. 5
- › ECONOMÍA CIRCULAR páx. 6
- › A XERARQUÍA NA XESTIÓN DE RESIDUOS páx. 10
- › OS NOSOS RESIDUOS páx. 12
- › QUE FACEMOS COS NOSOS RESIDUOS páx. 12
- › EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS páx. 14
- › POR QUE SEPARAR OS NOSOS RESIDUOS páx. 15
- › RESIDUOS MUNICIPAIS páx. 16
- › PARA XESTIONAR CORRECTAMENTE OS RESIDUOS páx. 18
- › RECOLLIDA ORDINARIA DE RESIDUOS páx. 20
- › PUNTOS LIMPOS páx. 22



Ponte a Zero

Nun contexto onde a preservación do medio e a xestión eficiente dos recursos naturais se volven imperativos, é crucial que a cidadanía se someta á tarefa de reducir a xeración de residuos e mellorar a súa separación. Coa promulgación da Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e das directivas europeas (coma a Directiva 2008/98/CE) establécese un marco legal que esixe un compromiso máis firme neste sentido. É neste escenario que xorde a necesidade de implementar prácticas que fomenten a economía circular.

A economía circular é un concepto que propón un modelo de produción e consumo sostibles, onde os produtos, materiais e recursos se manteñen no ciclo económico durante o maior tempo posible, e reducir ao mínimo a xeración de residuos. Neste contexto, a recollida separada de residuos desempeña un papel fundamental.

Realizar a separación adecuada dos residuos supón unha serie de beneficios tanto para o medio coma para a sociedade en xeral. Entre eles, destaca a posibilidade de poñer en práctica a compostaxe, un proceso mediante o cal os residuos orgánicos se converten nun recurso valioso para mellorar a calidade dos solos.

Ademais, a recollida separada facilita a recuperación de materias primas, o que contribúe a reducir o consumo de recursos naturais e a diminuír o impacto ambiental asociado á súa extracción e procesamento. Isto, á súa vez, permítenos avanzar cara a unha xestión máis eficiente e sostible dos recursos.

Outro aspecto relevante é a redución do gasto municipal que está relacionado cunha xestión máis eficiente dos residuos. Ao axustárense as taxas municipais ao custo real desta xestión, promóvese un sistema máis equitativo e transparente, mentres que a recuperación de diñeiro polos materiais reciclados pode contribuír a financiar programas de reciclaxe e educación ambiental.

En resumo, a separación adecuada de residuos non só é unha obriga legal, senón tamén unha oportunidade para promover un modelo de desenvolvemento máis sostible e responsable. Todas e todos podemos contribuír a este cambio adoptando prácticas máis conscientes e comprometidas co coidado da nosa contorna.

Separar os residuos é un acto de responsabilidade e compromiso co futuro do noso planeta. Esta guía ofrece ferramentas e coñecementos para realizar esta tarefa de maneira efectiva e contribuír á construción dun mundo máis limpo e sostible para todas as persoas. Comecemos xuntos un camiño rumbo a un futuro máis verde e próspero.

Economía circular

Que é a economía circular?

É un modelo de deseño, produción e consumo que fai posible que os recursos sigan xerando valor a través do tempo, e reducir ao mínimo os residuos dos procesos produtivos e o seu impacto nos ecosistemas.

ECONOMÍA LINEAL



EXTRAE



PRODUCE



DESBOTA

Actualmente operamos cun modelo económico lineal, onde os recursos se extraen, se usan e se desbotan, o que supón un grande impacto ambiental; por iso, é imprescindible transitar cara a un modelo circular que promova o aproveitamento sostible dos recursos.

“Economía circular”: sistema económico no que o valor dos produtos, materiais e demais recursos da economía dura o maior tempo posible, ao potenciar o seu uso eficiente na produción e no consumo, co que se reducen ao mínimo o impacto ambiental do seu uso, os residuos e máis a liberación de substancias perigosas en todas as fases do ciclo de vida, no seu caso mediante a aplicación da xerarquía de residuos.

Mellora o modelo existente


A economía circular substitúe o modelo lineal de “extraer, producir e desbotar”.

É innovadora

É unha maneira sostible de promover o crecemento económico, o benestar social e o respecto polo medio.

Fai os recursos máis valiosos

Nunha economía circular, o sistema enteiro está preparado para reutilizar, reparar, restaurar e reciclar os recursos para que xeren valor unha e outra vez.



> Fonte: European Parliamentary Research Service (EPRS)

O primeiro obxectivo de calquera política en materia de residuos debe ser reducir ao mínimo os efectos negativos da súa xeración e xestión na saúde humana e no medio ambiente. Así mesmo e en consonancia cos principios que rexen a economía circular, esta política debe ter tamén por obxecto facer un uso eficiente dos recursos, cunha aposta estratéxica decidida do conxunto das administracións públicas, así como a implicación e o compromiso do conxunto dos axentes económicos e sociais.


Os obxectivos do diagrama son de España Circular 2030. Estratexia Española de Economía Circular.

Obxectivos para 2030



A xerarquía na xestión de residuos

Para conseguir o mellor resultado ambiental, aplicárase a xerarquía de residuos coa seguinte orde de prioridade:



Os nosos residuos

Composición da bolsa tipo de Galicia (2021).

FRACCIÓN DE RESIDUOS

Biorresiduos	37 %
Papel e cartón	16 %
Envases	13 %
Envases de vidro	8 %
Téxtil	6 %
Outras fraccións*	6 %
Resto	14 %

*madeira, voluminosos, terra e cascallos, residuos domésticos especiais, RAEE...

> Cantidade media de residuos xerados por persoa en Galicia: 1,14 kg/habitante/día

Que facemos cos nosos residuos?

O mellor é consumir menos.

Reduce

Para xerar menos residuos e conservar a nosa contorna, o mellor é consumir só o que precisas.

- Reduce o uso de embalaxes e escolle produtos a granel.
- Evita os produtos de usar e tirar.
- Repara; aforrarás e daraslle unha vida máis longa ás túas cousas.
- Cando vayas mercar, leva os teus propios recipientes e bolsas reutilizables.

Reutiliza

Non desbotes, aproveita as sobras. Utiliza os frascos baleiros para gardar outros produtos coma café, arroz, legumes...

Separa

O produtor inicial dos residuos deberá separar na orixe os seus residuos e entregalos nos termos establecidos na ordenanza municipal.

Exemplos de boas prácticas

- **Repara:** dálles unha segunda vida aos produtos estragados.
- **Reutiliza** a tea para amaños ou dálla a alguén que a poida utilizar.
- **Cando vaias mercar,** leva recipientes reutilizables ou a túa propia bolsa de tea, rafia ou doutros materiais sustentables.
- **Trata de utilizar envases retornables e vaixelas reutilizables ou reciclables.**
- **Evita consumir produtos que teñan varios envases ou embalaxes,** ou sexan de distintos materiais que fan máis difícil a separación e a reciclaxe.
- **Os libros podes levalos a librerías e organizacións sociais para a súa reutilización.**
- **Se vas prescindir de roupa da casa,** busca se algunha organización a acepta para a súa doazón; antes de xerar residuos é mellor que se utilice para o mesmo fin ou fins similares.



Por que separar os nosos residuos?

BIORRESIDUOS | PAPEL E CARTÓN | ENVASES | VIDRO | RESTO

Recollida **separada**: é aquela na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.

Consiste na **separación** en **fraccións** co fin de obter recursos e materiais ou ben aplicarlles un tratamento para obter novas materias primas.

Realizar esta **separación** de xeito correcto constitúe unha das vías máis importantes para **facilitar a reciclaxe e reutilización** dos produtos.

Doutro modo, a separación tería que realizarse de xeito mecánico, co que se obteñen produtos dun menor valor comercial, maiores porcentaxes de rexeitamento e un custo elevado por todo o proceso.



Resíduos Municipais

Un residuo é calquera substancia ou obxecto que a súa posuidora ou posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar. A Entidade Local encárgase da xestión dos residuos municipais:

Xestión obrigatoria: os residuos domésticos

Os residuos domésticos son os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da súa actividade propia. Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtiles, pilas, acumuladores, mobles, útiles domésticos e colchóns, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Terán tamén a consideración de residuos domésticos os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.



**Xestión potestativa
(non obrigatoria): os residuos
comerciais non perigosos.**

Os residuos comerciais son os xerados polo comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

Para xestionar correctamente os residuos

AS ENTIDADES LOCAIS DEBEN



Recoller, transportar e tratar os residuos domésticos xerados nas casas, comercios e servizos.



Habilitar **espazos e mecanismos** para a **recollida separada** de residuos domésticos para facilitar a reciclaxe e reutilización.




Implantar as **recollidas separadas** antes dos prazos indicados.

AS PERSOAS USUARIAS DEBEN



Entregar os **residuos** para o seu tratamento, **separados** segundo marquen as ordenanzas locais.

Recollida ordinaria de residuos



Puntos limpos

Instalación de almacenamento no ámbito da recollida dunha entidade local, onde se reciben de forma separada os residuos domésticos*, de xeito gratuito.




FIXOS

Consulta no teu concello o horario de apertura ao público



MÓBILES

Pequenos camiós que rotan por diferentes lugares do concello.



DE PROXIMIDADE

É un modelo de punto fixo de pequenas dimensións que se coloca en zonas accesibles do concello.

*Inclúen unha variedade de materiais que, polas súas características ou composición, poden ser nocivos para a saúde humana ou para o medio, coma botes de pintura e vernices, disolventes, insecticidas...



▶ datuaman.depo.gal ▶ residuos.depo.gal ▶ depo.gal